

Mª Ofir Aboy García, secretaria accidental do Concello de Ames (A Coruña)

Certifico: Que a Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria celebrada o día 10 de setembro de 2015, adoptou, entre outros, o acordo que copiado é do teor literal seguinte:

“PUNTO SEXTO.- ADXUDICACIÓN DO PROCEDIMENTO ABERTO, VARIOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN, OFERTA ECONÓMICAMENTE MÁIS VENTAXOSA DA CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DUN VEHÍCULO TODO TERREO EQUIPADO CON KIT POLICIAL CON DESTINO Á POLICÍA LOCAL DO CONCELLO DE AMES.-

A Xunta de Goberno Local, en sesión de 8 de xuño de 2015, realizou a clasificación de ofertas e requirimento de presentación de documentación do procedemento aberto que se segue para a contratación do subministro dun **“Vehículo todo terreo equipado con kit policial con destino á policía local do Concello de Ames”**.

O devandito acordo de clasificación de ofertas e requirimento de documentación foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar.

Unha vez presentada polo clasificado en primeiro lugar a documentación establecida no artigo 151 do Texto refundido da Lei de contratos do sector público, resulta procedente adxudicar a devandita obra.

Visto o que antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, previa delegación da Alcaldía (decreto 926/2015), adopta o seguinte acordo:

Primeiro.- Adxudicar a realización do subministro dun **“vehículo todo terreo equipado con kit policial con destino á policía local do Concello de Ames”**, á empresa **Yañez S.L** con CIF B- 15009566 e nas seguintes condicións:

A.- Prezo: O importe da oferta do dito licitador ascende á contía de vinte e catro mil setecentos cincuenta e dous euros e seis céntimos (24.752,06 €) sen IVE.

B.- IVE repercutible: A contía do IVE repercutible ao tipo do 21% ascende a contía de cinco mil cento noventa e sete euros e noventa e catro céntimos (5.197,94 €).

C. Prazo de entrega dos bens a subministrar: O prazo de entrega da totalidade dos bens será de **1 mes**, que contarán desde a formalización do contrato administrativo de subministración dos bens.

D.- Resto de condicións: O adxudicatario deberá cumprir coas condicións fixadas nos pregos de cláusulas administrativas particulares polo que se rexeu o procedemento, así como coa proposición formulada.”

E para que conste, aos efectos oportunos, expido a presente co visto e prace do alcalde Ames, a dez de setembro de 2015, e coa advertencia de que non foi aprobada aínda a acta da sesión correspondente.

Vº e prace
O alcalde

José M. Miñones Conde

A secretaria accidental